

China e a nuclearización da península coreana

Eduardo Daniel Oviedo

Introdución

A adopción de sancións a Norcorea⁽¹⁾ por parte do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, como consecuencia do ensaio nuclear realizado o 9 de outubro de 2006, xera interrogantes sobre o futuro accionar da diplomacia chinesa. Estas accións punitivas de nada servirán sen a súa anuencia, xa que a economía e o réxime norcoreanos subsistiron grazas ao seu apoio.

Neste sentido, o comité creado pola Resolución 1.718 terá a cargo o control do cumprimento das sancións, onde China cobra especial importancia, incluso aos efectos de esclarecer se este país está a favor da comunidade internacional ou encubre o apoio ao plan de nuclearización da península, que leva a cabo Corea do Norte.

En realidade, China parece transitar un camiño intermedio entre a comunidade internacional e a súa alianza co réxime de Kim Jong II, dándolle prioridade á resolución pacífica da cuestión a través da negociación no marco do chamado *diálogo hexagonal*, no que o obxectivo da ausencia de arma nucleares mudou de natureza cara á desnuclearización. Con todo, a proba nuclear norcoreana demostrou o fracaso da súa diplomacia e a falta de vontade política para exercer maior influencia ou presión sobre o goberno de Pyongyang, coa finalidade de que mude a súa política e manteña a non nuclearización da península, a cal constituía un dos seus principios reitores en política exterior.

O ensaio nuclear norcoreano tamén corrobora a tendencia á proliferación das armas nucleares, a pesar dos esforzo das grandes potencias por evitalo. O multilateralismo da non proliferación enfronta a natureza westfaliana do sistema internacional, tanto na política de poder aplicada polas grandes potencias para limitar a posesión de armas nucleares, como no dereito que lle asiste aos estados que non teñen armas nucleares a posuilas.

Nova crise e fracaso da diplomacia chinesa

Desde o armisticio de Panmunjom⁽²⁾, China foi constante na súa política exterior cara á península coreana. Caracterizada polo mantemento do *status quo* e a

(1) Os termos Corea do Norte ou Norcorea refírense á República Popular Democrática de Corea.

(2) O armisticio de Panmunjom (*Banmendian*, en chinés), asinado o 27 de xullo de 1953, establecía no seu artigo cuarto a recomendación dos mandos militares aos gobernos asinantes que logo de tres meses do asinamento e entrada en vigor do armisticio, unha conferencia política ao máis alto nivel entre as dúas partes (Nacións Unidas, por unha banda; Corea do Norte e a República Popular China, pola outra) negocien a cuestión da retirada de todas as forzas estranxeiras de Corea, a pacífica resolución da cuestión coreana e demais temas. Tras o fracaso da Conferencia de Xenebra de 1954, ao asinarse un tratado de paz definitivo, o armisticio de 1953 quedou como único entendemento entre as partes, co cal regula a situación militar da península.

estabilidade, as súas accións concordaron cos intereses dos Estados Unidos en preservar a histórica situación herdada da guerra fría.

Polo contrario, o réxime norcoreano altera o estatuto rexional coa intención de se converter en poder nuclear, orientación oposta tanto á política estadounidense de evitar a dispersión nuclear, como á de non nuclearización da península esgrimida por China.

Desintegrada a Unión Soviética, o goberno de Beijing flexibilizou a súa política ao establecer relacións diplomáticas coa República de Corea⁽³⁾ en 1992 e promover o intercambio económico bilateral, ata ocupar Seúl o terceiro posto como socio comercial de China no ano 2005, xerando maior equilibrio nas súas relacións triangulares cara á península e afirmando o seu rol de actor principal e influente. O xiro pragmático da diplomacia chinesa provocou a reacción de Kim II Sung, cuxa autonomía decisoria respecto do réxime chinés sobresaíu na crise nuclear de 1993, superada polos bos oficios de Carter e a imprevista morte do líder norcoreano, a quen lle sucedeu o seu fillo Kim Jong Il.

Esta política tivo o custe de agravar as xa deterioradas relacións con Corea do Norte, ocasionado polo rexeite norcoreano á vía chinesa de desenvolvemento e os pendentos reclamos territoriais, que mostran a alianza rémora da Guerra Fría transformada en mero vínculo interestatal, onde os intereses nacionais e a evasiva posición de Corea del Norte a recoñecer o protectorado chinés, fixeron medra da outrora relación “tan unida, como a uña e a carne dos dedos”⁽⁴⁾, segundo a frase do primeiro ministro Zhou En Lai, que describía a rixida alianza dos anos de conflito armado na península.

A cuestión permaneceu en *status quo* ata o ano 2002, cando estourou a segunda crise nuclear, unha vez que George W. Bush incluíu a Corea do Norte dentro do chamado *Eixo do Mal*, xunto a Iraq e Irán, e esixira aos tres gobernos o abandono dos seus programas de armas de destrución masiva. A crise escala en outubro durante a visita do enviado estadounidense, James Kelly, a Corea do Norte, cando o goberno de Pyongyang recoñeceu a reactivación do plan nuclear, violando os acordos de 1994.

A diferenza da primeira crise, China exerceu un rol activo e os seus bos oficios encamiñaron a cuestión cara á negociación pacífica do *diálogo hexagonal*, consistente nun estilo de diplomacia preventiva que reúne aos principais actores con intereses no noroeste asiático: Estados Unidos, Xapón, Rusia, as dúas Coreas e China (esta última en carácter de anfitrión).

En pleno proceso de negociación, a crise escala o 10 de xaneiro de 2003 cando Corea do Norte denunciou o Tratado sobre a non Proliferación de Armas Nucleares⁽⁵⁾, baixo o argumento de ser unha medida de autodefensa lexítima fronte á

(3) O termo Corea do Sur é tamén utilizado para referirse á República de Corea.

(4) ZHOU, En Lai (1989): *Resistir la agresión norteamericana y ayudar a Corea para defender la paz*, en Obras Escogidas de Zhou En Lai, tomo II, Beijing, Ediciones en Lenguas Extranjeras, p61.

(5) Corea do Norte ingresou no tratado en 1985. Posteriormente anunciou a súa retirada en 1993, pero suspendeu o mesmo día antes que entrara en vigor a denuncia.

política hostil de Estados Unidos, seguida pola Axencia Internacional de Enerxía Atómica⁽⁶⁾.

O esforzo chinés por superar a cuestión de forma pacífica, sufriu de novo a adversidade cando o 5 de xullo de 2006 o goberno de Pyongyang lanzou múltiples mísiles balísticos cara ao Mar do Xapón⁽⁷⁾, un suceso condenado polo Consello de Seguridade mediante a Resolución 1.695 do 17 de xullo⁽⁸⁾. O representante chinés, ao fundamentar o seu voto, expresou que “China sempre tratou de alcanzar dous obxectivos fundamentais, a saber, manter a paz e a estabilidade na península de Corea e manter unido ao Consello de Seguridade”⁽⁹⁾. Hai que sobrancear que para alcanzar a unanimidade dos seus membros, China logrou que o texto non incluíse referencia ao capítulo sétimo da Carta, que regula a aplicación de accións punitivas⁽¹⁰⁾.

A cuestión afóndase o 3 de outubro cando o ministerio de Relacións Exteriores de Corea do Norte anunciou a inminente realización dun ensaio nuclear, condenado tres días despois pola presidencia do Consello de Seguridade⁽¹¹⁾. O 9 de outubro de 2006, o goberno de Pyongyang anunciou a realización favorable e efectiva dunha “proba nuclear subterránea baixo condicións seguras”⁽¹²⁾ que, segundo o Centro de Investigacións Sísmicas de Daejeon, en Corea do Sur, ocorreu a uns 15,4 quilómetros ao noroeste de Hwadaeri, preto da cidade de Kilju, na provincia de Hamgyong Norte⁽¹³⁾.

O anuncio norcoreano de realizar un ensaio nuclear pon ao descuberto o fracaso das diplomacias de Estados Unidos e da República Popular China cara a península coreana. En particular de China, que foi incapaz de exercer influencia ou presión sobre Corea do Norte, a fin de que o seu goberno mude a orientación política e manteña a non nuclearización da península, o cal constituía un dos seus principios reitores en materia de política exterior.

Retroceso do diálogo hexagonal

O fracaso tamén afecta á diplomacia multilateral do chamado *diálogo hexagonal*, cunha primeira rolda que comezou en agosto de 2003, baixo o auspicio de

(6) *North Korea Announces Withdrawal From NPT, January 10: Statement and Reaction*, en The Acronym Institute for disarmament diplomacy, dispoñible en <http://www.acronym.org.uk/>.

(7) Mar do Este ou Mar Oriental para os chineses e coreanos.

(8) Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *Resolución 1.695 (2006)*, S/RES/1695(2006).

(9) Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *5.490ª sesión, S/PV.5490*, 15 de xullo de 2006.

(10) O embaixador engadiu: “China adoptou unha actitude responsable e oponse firmemente a someter a votación un proxecto de resolución que non encamiñe a unidade e que complique e agrave aínda máis a situación, cause graves consecuencias para a paz e a estabilidade na península de Corea e cree enormes obstáculos para as conversacións entre as seis partes e outros empeños diplomáticos importantes”, en *Ídem*, pp5-6.

(11) Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *Declaración del presidente del Consejo de Seguridad, S/PRST/2006/41*.

(12) *North Korea announces nuclear test, October 9, 2006*, en The Acronym Institute for disarmament diplomacy, dispoñible en <http://www.acronym.org.uk/>.

(13) *Norcorea llevó a cabo su primer ensayo*, no diario Clarín, Bos Aires, 10 de outubro de 2006, dispoñible en <http://www.clarin.com/diario/2006/10/09/um/m-01286848.htm>.

China e, como se mencionou, do cal tamén participan os representantes de Estados Unidos, Xapón, Rusia, a República de Corea e a República Popular Democrática de Corea. China cumpre un rol principal, sendo o país que guía o proceso e conta co contacto diplomático coas seis partes integrantes, incluída a diplomacia secreta que realiza con Pyongyang.

A Resolución 1.718 do Consello de Seguridade exhortou a Corea do Norte a regresar ao *diálogo* sen condicións previas, con miras a aplicar a declaración conxunta formulada o 19 de setembro de 2005 polas seis partes. Dita declaración corresponde ao consenso alcanzado na cuarta rolda de negociacións, que establece como obxectivo “a verificable desnuclearización da Península coreana de forma pacífica”⁽¹⁴⁾.

Na mesma declaración, Corea do Norte comprometeuse a abandonar todos os programas de armas nucleares e todos os programas nucleares existentes e volver ao Tratado sobre a non Proliferación das Armas Nucleares e ás salvagardas da Axencia Internacional de Enerxía Atómica⁽¹⁵⁾, ademais de afirmar o seu dereito ao uso pacífico da enerxía nuclear⁽¹⁶⁾. Pola súa banda, Estados Unidos afirmou que non ten armas nucleares na península e que non ten intencións de atacar ou invadir Corea do Norte con armas nucleares ou convencionais⁽¹⁷⁾. Ambas partes comprometéronse a respectar a soberanía do outro, a coexistir pacificamente e a normalizar as súas relacións⁽¹⁸⁾.

Este consenso alcanzado formula a aplicación baixo o principio de “compromiso por compromiso, acción por acción”⁽¹⁹⁾. Por último, as seis partes aceptaron que as partes involucradas negocien un réxime permanente de paz na península noutro foro apropiado⁽²⁰⁾.

A quinta rolda comezou na data indicada pola declaración conxunta de setembro, é dicir, a principios de novembro de 2005. Non obstante, o proceso detívose inmediatamente. O 3 de xaneiro de 2006, o goberno de Pyongyang afirmou que non regresará ás conversacións hexapartitas a menos que Estados Unidos levante as restricións financeiras que lle impuxo por presuntas actividades ilegais, incluído lavado de diñeiro e falsificación.

As alternativas da comunidade internacional

Fronte ao ensaio nuclear, a comunidade internacional ten as alternativas de desnuclearizar a península mediante accións punitivas ou a negociación pacífica, ou

(14) *Declaración Conjunta de la IV Ronda de las Conversaciones entre las Seis Partes*, República Popular China, Ministerio de Relaciones Exteriores, Beijing, 19/09/2005, en <http://www.fmprc.gov.cn/esp/zt/dslht/t212864.htm>.

(15) *Ídem*.

(16) *Ídem*.

(17) *Ídem*.

(18) *Ibidem*, artigo II.

(19) *Ibidem*, artigo V.

(20) *Ibidem*, artigo IV.

admitir –como nos casos anteriores de China, India ou Paquistán– o ingreso de Corea do Norte ao selecto club de potencias nucleares. Todos estes camiños conducen a Beijing.

As accións punitivas comprenden o uso da forza ou as sancións económicas e a interrupción das comunicacións, conforme ao capítulo sétimo da Carta das Nacións Unidas. O recurso á forza foi negado por China e Rusia, sendo que accións á marxe do Consello de Seguridade resultan case imposibles de levarse a cabo, dado que unha intervención de Estados Unidos, sumadas ás que mantén en Afganistán e Iraq, resultaría unha pesada carga para o seu aparato militar. Ademais, o goberno de George W. Bush sabe que Corea do Norte é parte do *Siheyuan* ou *patio cadrado* de China e sen o seu beneplácito nada podería facer dentro da súa esfera de seguridade directa.

A estrutura bipolar da guerra fría aínda asoma no noroeste asiático, de forma que China –e en menor medida Rusia– ven a substituír gran parte do rol da anterior Unión Soviética. Así e todo, estes países néganse resolver a cuestión mediante a intervención armada.

Precisamente, a Resolución 1.718 do Consello de Seguridade, adoptada por unanimidade dos seus membros o 14 de outubro de 2006, condenou o ensaio nuclear de Corea do Norte e reconece que representa unha ameaza á paz e a seguridade internacionais⁽²¹⁾. Ademais, esixe que Corea do Norte non realice novas detonacións; se retracte da súa decisión de retirarse do Tratado sobre a Non Proliferación de armas nucleares; suspenda o seu programa de mísiles balísticos; e abandone todas as armas e programas nucleares, así como todas as demais armas de destrución masiva⁽²²⁾.

A resolución representa un cambio no accionar do Consello respecto dos anteriores ensaios, os cales non foron condenados polo sistema de seguridade colectiva, senón pola práctica da diplomacia bilateral. Por tal motivo, a Resolución 1.718 crea un Comité do Consello de Seguridade, integrado por todos os seus membros, para aplicar sancións económicas que terán tamén a responsabilidade de adoptar accións contra aqueles que as violen. Entre ditas sancións, os Estados membros deberán impedir o subministro, venta ou transferencia directa ou indirecta a Corea do Norte de armamento pesado; artigos de luxo; conxelar os fondos e outros activos financeiros e recursos económicos; e impedir a transferencia de capacitación técnica, asesoramento, servizos e asistencia relacionados coa fabricación, conservación ou uso de armamento pesado⁽²³⁾.

Cabe destacar que as sancións foron impostas polas Nacións Unidas a un estado membro, como é a República Popular Democrática de Corea desde o 17 de setembro de 1991.

(21) Consejo de Seguridad de las Naciones Unidas, *Resolución 1.718 (2006)*, S/RES/1718 (2006), de 14 de outubro de 2006.

(22) Ídem.

(23) Ídem.

China e as sancións económicas

As accións punitivas de nada serven sen a anuencia de China, xa que ata o momento o réxime político e a economía norcoreanos subsistiron en illamento e tensión cos estados da rexión grazas ao seu apoio. Neste sentido, o comité conformado deberá controlar o cumprimento das sancións por parte de China, especialmente a conxelación de fondos e activos financeiros, aos efectos de deixar en claro que este país está a favor da comunidade internacional e non encubre a Corea do Norte, xa que votou afirmativamente a resolución.

Non é que China non conte co poder suficiente para obrigar ao goberno de Pyongyang a mudar a orientación política, senón que parece non querer utilizalo, pois mudaría a súa imaxe de ascenso pacífico no sistema internacional. O goberno de Pyongyang desafia e pon a proba o pragmatismo chinés, no marco de vínculos ambivalentes⁽²⁴⁾. Por iso, a diplomacia chinesa está fronte a unha encrucillada.

Por unha banda, China debe preservar a súa esfera de seguridade directa ante a xestación –a carón da súa fronteira– dun novo estado nuclear, ao tempo que debe respectar o compromiso internacional de evitar a dispersión das armas nucleares. Por iso, o portavoz do ministerio de Relacións Exteriores afirmou que “China decididamente, cumpre ao pe da letra a Resolución 1.718 do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, porque tamén concorda co interese chinés”⁽²⁵⁾. Ao cumprir coas sancións non estará máis que facendo o que outros grandes poderes realizaron no pasado, pois se China decide un comportamento distinto resultaría en desmedro do seu interese nacional e os intereses da comunidade internacional.

Por outra banda, Beijing ten unha marcada preocupación pola estabilidade, fundada en dous motivos: un de índole imperial, que é non autorizar a ningunha potencia a dominar a península e se for necesario manter a súa división; e o segundo, aproveitar ao máximo as relacións bilaterais co norte e o sur, as primeiras políticas e as segundas económicas, para valorizar a posición excepcional que Beijing ocupa na península e, na medida do posible, adquirir unha especie de control sobre os proxectos de reunificación⁽²⁶⁾.

Por último, inmersa na súa modernización económica, busca condicións ambientais funcionais a dito proceso, cun accionar discreto e de baixo perfil no plano internacional, tratando de eludir –ou postergar– os compromisos cada vez maiores que polo seu rol de gran potencia lle atribúe a comunidade de nacións ata tanto non consolide a súa integridade nacional.

(24) PONS, Philippe: *La ambivalencia en la relación chino-norcoreana*, en *La Nación*, Santiago de Chile, 7 de agosto de 2006, en http://www.lanacion.cl/prontus_noticias/site/artic/20060806/pags/20060806215646.html.

(25) *Conferencia de prensa del portavoz del Ministerio de Relaciones Exteriores de la República Popular China*, Liu Jian Zhao, Beijing, 24 de outubro de 2006, en <http://www.fmprc.gov.cn/chn/xwfw/fyrth/t277291.htm>.

(26) DOMENACH, Jean-Luc (2006): *¿Adónde va China?*, Barcelona, Paidós, pp196-197.

Trala aprobación das sancións, China enviou ao conselleiro Tang Jiaxuan como emisario á capital norcoreana. A misión Tang confirmou que Corea do Norte ten a vontade de regresar ao diálogo hexagonal e realizar a desnuclearización da península⁽²⁷⁾. China apela á negociación para resolver a cuestión, buscando achegar a Corea do Norte ao diálogo multilateral, aínda que Pyongyang pon como condición a eliminación das sancións. Os dirixentes norcoreanos afirmaron a Tang Jiaxuan que non teñen programada a realización dun segundo ensaio, pero se existe unha ilexítima presión externa, o goberno de Corea do Norte podería adoptar medidas⁽²⁸⁾.

O goberno chinés considera que as sancións por si mesmas non constitúen un obxectivo, de forma que as accións deberían servir á consulta a traveso do diálogo, a resolver o problema nuclear da península coreana por medios diplomáticos, a realizar os obxectivos xerais da non nuclearización da península e á estabilidade e paz do noroeste asiático. Segundo Beijing, cada parte non debe, deliberadamente, aplicar ou ampliar as sancións, senón prever a confrontación e o empeoramento da situación⁽²⁹⁾.

Respecto ás sancións financeiras, a posición chinesa considera que “con carácter simultáneo ao estrito respecto ás resolucións do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, o goberno chinés non intervéñ nas actividades comerciais normais pertencentes ao Banco de China”⁽³⁰⁾. O goberno chinés respecta e cumpre a Resolución 1.718, sendo que adoptará as medidas necesarias para cumprir as súas obrigas ante as violacións da resolución dentro do territorio chinés⁽³¹⁾. Intelixentes, os chineses nada queren facer para perturbar a corrente de inversións que se dirixe cara o seu país.

A chancelería distingue as sancións da axuda económica, a cal non pensan diminuír, posto que non foi recollida en forma expresa pola resolución. Ademais, tampouco desexa afectar o seu comercio bilateral que, segundo datos procedentes do ministerio de Comercio, no ano 2005 ascendeu a 1.580 millóns de dólares, con exportacións chinesas por valor de 1.081 millóns e importacións de 499 millóns⁽³²⁾. Contando coa sensible compra de mineral de ferro, aínda que os seus principais provedores seguen sendo Australia, Brasil, India e Sudáfrica.

(27) Conferencia de prensa del portavoz del Ministerio de Relaciones Exteriores de la República Popular China, Liu Jian Zhao, Beijing, 24 de outubro de 2006, en <http://www.fmprc.gov.cn/chn/xwfw/fyrth/t277291.htm>.

(28) Ídem.

(29) O portavoz da chancelería chinesa expresou que “China, como de costume, executa a conciencia as correspondentes resolucións do Consello de Seguridade das Nacións Unidas. China xa formou un completo réxime viable e efectivo e con procedemento maduro. Cumprimos a conciencia as distintas obrigas de cada un das cláusulas asumidas por China nas resolucións das Nacións Unidas; por outra parte, consideramos que as sancións, por si mesmas, non constitúen o obxectivo; as accións correspondentes deberían servir a consulta a través do diálogo, a resolver o problema nuclear da península coreana a través dos medios diplomáticos, realizar os obxectivos xerais da non nuclearización da península coreana e a estabilidade e paz do nordeste asiático. Cada parte non debe deliberadamente explicar ou ampliar as sancións, a fin de prever a confrontación e o empeoramento da situación”.

(30) Ídem.

(31) Ídem.

(32) Ministerio de Comercio da República Popular de China, *Exportaciones e importaciones por principales países (regiones)*, en <http://www.mofcom.gov.cn/>.

O dereito de Norcorea ao desenvolvemento nuclear

A cuestión propiamente dita enfrenta a non proliferación nuclear esgrimida pola comunidade internacional, baixo o liderado das grandes potencias nucleares, fronte ao dereito soberano que lle asiste a Corea do Norte á súa nuclearización, como Estado alleo á normativa do Tratado sobre a non Proliferación de Armas Nucleares.

Compatibilizar estes dous obxectivos é a estratexia da República Popular China, que medra no seu interese nacional ao se orixinar un novo estado nuclear nas súas fronteiras, pechando o círculo nuclear periférico con Rusia, India e Paquistán. É dicir, existe unha coincidencia entre os intereses da comunidade de nacións e o interese nacional chinés, pero o camiño chinés para resolver esta cuestión – polo momento – non é o uso da forza, senón a través da diplomacia, co risco de consolidar un novo estado nuclear mediante a dilatación temporal da cuestión.

Conforme ao inciso primeiro do artigo décimo do Tratado, a Corea do Norte asístelle: 1) o dereito soberano de denunciar o tratado; 2) decidir sobre a existencia dun acontecemento extraordinario relacionado coa materia do tratado que comprometa os intereses supremos do país; 3) que a retirada sexa notificada con antelación de tres meses ás partes contratantes do Tratado e ao Consello de Seguridade; e 4) dita notificación debe incluír unha exposición dos acontecementos extraordinarios que Corea do Norte considere que comprometen os seus intereses supremos⁽³³⁾.

Estados Unidos e o Reino Unido cuestionaron os argumentos mediante os cales Corea do Norte procedeu a retirarse do tratado, entendendo que as causais enunciadas por Pyongyang non revisten o carácter de acontecementos extraordinarios que formula o tratado.

O problema central actual radica na crise do sistema de non proliferación, pois a realidade indica que a tendencia contemporánea é cara á proliferación. As grandes potencias nucleares crean un muro de contención que, lentamente, é superado por novos estados nucleares, dado que dos dous iniciais, Estados Unidos e a Unión Soviética, o número creceu a oito potencias nucleares, comprendendo a Estados Unidos, Rusia, Reino Unido, Francia, China, India, Paquistán e, desde este ano, Corea do Norte.

Ademais das sospeitas sobre posesión de armas nucleares por parte de Israel; os programas clandestinos de Arabia Saudí e Irán; e a capacidade en tecnoloxía, materia prima e capital de Xapón ou Canadá para producir armas nucleares, aínda que por decisión política non o fan. Precisamente, porque asistimos á crise do

(33) O inciso 1, artigo X do Tratado sobre a non Proliferación das Armas Nucleares establece: “Cada parte terá dereito, en exercicio da súa soberanía nacional, a se retirar do Tratado se decide que acontecementos extraordinarios, relacionados coa materia que é obxecto deste Tratado, comprometeron os intereses supremos do seu país. Esa retirada deberase notificar a todas as demais partes no Tratado e ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas cunha antelación de tres meses. Tal notificación deberá incluír unha exposición dos acontecementos extraordinarios que esa parte considere que comprometeron os seus intereses supremos”.

Tratado sobre a Non Proliferación de armas nucleares é que as grandes potencias nucleares decidiron aplicar sancións ante este novo caso de proliferación.

Esta tendencia reflicte un enfrontamento entre o multilateralismo da non proliferación e a raíz westfaliana do sistema internacional. A non proliferación sofre a presión en teaza das características inherentes ao sistema westfaliano. Por unha banda, as grandes potencias nucleares exercen a tradicional política de poder para controlar a dispersión nuclear a través do tratado e o sistema de seguridade colectiva das Nacións Unidas, abrogándose a representación da comunidade internacional. A súa vez, os estados que non posúen armas nucleares, adherentes ou non ao tratado, tamén exercen a política de poder para consolidar o seu dereito soberano ao desenvolvemento nuclear, retirándose previamente do tratado se o fosen, como no caso baixo estudo. Ata o presente prevalece o primeiro sobre o segundo, pero a tendencia progresiva consiste en que os estados procuren o seu propio desenvolvemento nuclear, á marxe da contención legal que as grandes potencias lles impoñen.

Conclusión

O ensaio nuclear norcoreano do 9 de outubro de 2006 significou o fracaso da diplomacia chinesa cara a península coreana, a política de non proliferación de Estados Unidos e o diálogo hexagonal. A decisión do goberno de Corea do Norte é incongruente coa orientación política chinesa e o seu interese nacional.

A comunidade internacional, representada polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas, condenou a proliferación de armas nucleares como unha clara violación da paz e seguridade internacionais e, en consecuencia, aplicou sancións económicas ao goberno de Pyongyang mediante a Resolución 1.718.

Estas sancións requiren da estrita aplicación dos membros da organización, especialmente de China, actor fundamental que coa súa orientación externa cara á península permítelle a subsistencia do réxime de Kim Jong II, brindándolle marxes de acción á política norcoreana.

A capacidade nuclear de Corea do Norte sitúa a cuestión nun novo estadio. O concepto de non nuclearización da península coreana deu paso ao de desnuclearización, pois ata a proba de outubro pasado a península nunca estivo nuclearizada. É dicir, a natureza do proceso de negociación a *seis bandas* mudou, pois agora as partes deberán buscar a desnuclearización da península, a diferenza da anterior posición de evitar a súa nuclearización.

China apoia a solución da cuestión por medios pacíficos, espera que Corea do Norte retorne ao *diálogo hexagonal* co obxecto de exercer control sobre o proceso de negociación, do cal ven sendo promotor e a súa capital, a cidade de Beijing, sede das negociacións. De retornar o diálogo, as conversas comezarían co obxectivo de restablecer a desnuclearización da península, pero tamén, pode ser o inicio dun lar-

go proceso de diminución de tensións ata recoñecer o novo estatuto nuclear de Corea do Norte.

Sendo este o caso, a consecuencia directa podería ser a aceleración da proliferación nuclear na rexión, polo interese de posesión de armas nucleares en Estados que aínda non as posúen. Se ben China mantén a súa alianza dende 1961, non está exenta da ameaza norcoreana pois, en última instancia, o seus escasos mísiles poden chegar a Toquio, Seul ou Taipei, pero tamén a Beijing.

Detrás deste caso, como base principal da cuestión, o multilateralismo da non proliferación nuclear aparece atezado pola natureza westfaliana da política internacional, en dúas vertentes: o uso da política de poder das grandes potencias para limitar a proliferación de armas nucleares, e o dereito soberano dos estados á súa posesión.

As grandes potencias continúan exercendo a hexemonía sobre o réxime de non proliferación, aínda que a tendencia mundial é á proliferación das armas nucleares. Nesta poxa entre a comunidade internacional e os estados nacionais, o sistema de seguridade colectiva inaugura a aplicación de sancións a un país que intenta desenvolver armas nucleares, co efecto demostrativo sobre os membros da comunidade que adopten similares políticas, intentando conter a tendencia á proliferación, a cal preséntase como irreversible.

Eduardo Daniel Oviedo, profesor titular de Historia das Relacións Internacionais Contemporáneas na Universidade Nacional de Rosario, investigador adxunto do CONICET e membro do Consello Directivo da Rede Iberoamericana de Sinoloxía.

Bibliografía

- Conferencia de prensa del portavoz del Ministerio de Relaciones Exteriores de la República Popular China, Liu Jian Zhao*, Beijing, 24 de outubro de 2006. Disponible en: <http://www.fmprc.gov.cn/chn/xwfw/fyrth/t277291.htm>.
- DOMENACH, Jean-Luc (2006): *¿Adónde va China?*, Barcelona, Paidós, pp196-197.
- Declaración Conjunta de la IV Ronda de las Conversaciones entre las Seis Partes*, República Popular China, Ministerio de Relaciones Exteriores, Beijing, 19 de setembro de 2005, en <http://www.fmprc.gov.cn/esp/zt/dslht/t212864.htm>.
- Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *Resolución 1.695 (2006)*, S/RES/1695 (2006), New York, 17 de xullo de 2006.
- Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *5.490ª sesión*, S/PV.5490, New York, 15 de xullo de 2006.
- Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *Declaración del presidente del Consejo de Seguridad*, S/PRST/2006/41, New York, 6 de outubro de 2006.
- Consejo de Seguridad de Naciones Unidas, *Resolución 1.718 (2006)*, S/RES/1718 (2006), New York, 14 de outubro de 2006.
- Norcorea llevó a cabo su primer ensayo*, no diario *Clarín*, Bos Aires, 10 de outubro de 2006, en <http://www.clarin.com/diario/2006/10/09/um/m-01286848.htm>.
- North Korea Announces Withdrawal from NTP, January 10: Statement and Reaction*, en The Acronym Institute for disarmament diplomacy, disponible na web <http://www.acronym.org.uk/>.
- North Korea announces nuclear test, October 9, 2006*, en The Acronym Institute for disarmament diplomacy, disponible na web <http://www.acronym.org.uk/>.
- PONS, Philippe: *La ambivalencia en la relación chino-norcoreana*, en *La Nación*, Santiago de Chile, 7 de agosto de 2006, disponible en http://www.lanacion.cl/prontus_noticias/site/artic/20060806/pags/20060806215646.html.
- Ministerio de Comercio da República Popular de China, *Exportaciones e importaciones por principales países (regiones)*, en <http://www.mofcom.gov.cn/>.
- Tratado sobre la no proliferación de las armas nucleares*, Londres, Moscova e Washington, 1 de xullo de 1968.
- ZHOU, En Lai: *Resistir la agresión norteamericana y ayudar a Corea para defender la paz*, en *Obras Escogidas de Zhou En Lai*, Ediciones en Lenguas Extranjeras, tomo II, Beijing, 1989.